

# ROTEIRO polo RÍO LÉREZ + MANIFESTACIÓN do DÍA MUNDIAL do AMBIENTE

O chamado sendeiro de S. Xurxo, duns 15 km e dificultade baixa-media, discorre pola parroquia de S. Xurxo de Sacos, no concello de Cotobade (Pontevedra). Este percorrido polo val do Lérez permitiranos gozar de carballeiras, bosques caducifolios autóctonos e zonas húmidas de ribeira nos treitos paralelos ao río, e tamén de manifestacións de patrimonio artístico e etnográfico, como unha das maiores concentracións de petroglifos de Galiza e numerosos exemplos de arquitectura popular (muíños, cruceiros, igrexas, o pazo de Bermúdez de Castro, etc.). Esta riqueza natural e cultural está ameazada pola proliferación de encoros no Lérez igual que en todos os ríos do país.

Por este e outros desastres ambientais, ao remate do roteiro propoñemos unirnos á manifestación do Día Mundial do Ambiente, que este ano se celebra en Pontevedra baixo o lema *Pola recuperación da Ría, pola saúde e máis postos de traballo, fóra ENCE de Lourizán*. O movemento ecoloxista quere así reclamar unha alternativa para a insostible situación deste complexo papeleiro altamente contaminante nunha das nosas mellores rías.

**SÁBADO, 4 de XUÑO**

Normal.....	10 €
Estudantes, xubilados e no paro.....	9 €
Asociados/as.....	8 €
Ata 17 anos.....	3 €

**SAÍDA: diante da Escola de Maxisterio de LUGO ás 9 da mañá.**

Imprescindible anotarse previamente chamando ao **639 664924** (Montse)



*Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza – ADEGA Lugo*

**Levar roupa e calzado adecuados e comida para o camiño. O bo humor poñerémolo entre todas e todos...**

**A MANIFESTACIÓN sae ás 20:30 da PRAZA DA FERRERÍA (Pontevedra)**

***Pola recuperación da Ría, pola saúde e máis postos de traballo...  
fóra ENCE de Lourizán!!!***